



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA de XALLAS

PRAZA do Concello, 1 · 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) · Telfs.: 981 88 00 75 · 609 24 11 38 · E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

BANDO

Polo presente comunícase a toda a veciñanza do Concello de Santa Comba, que tendo en conta a excepcionalidade da situación que se está vivendo, e logo da publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67 do 14 de marzo), polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cómpre insistir na responsabilidade por parte de todos e todas para seguir as recomendacións das autoridades sanitarias e evitar situacións de risco, polo que se adoptan novas medidas adicionais ás implementadas o pasado día 13 de marzo e 14 de marzo.

Durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, ordénase o peche total da atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos que se declaren esenciais e que quedan baixo a situación de servicios mínimos, localizados de urxencia vía telefónica (nos teléfonos indicados) e/ou vía telemática e que son os seguintes:

- a) Oficinas Rexistro municipal e Información.
- b) Obras, fontanería e electricidade.
- c) Protección Civil.
- d) Policía Local.
- c) Habilitación.
- d) Comunicación.
- e) Intervención.
- f) Tesourería.
- g) Personal.
- h) Servizo de Informática.
- i) Servicios Sociais.
- j) Responsables das unidades administrativas.

En cada un dos centros de traballo estarán habilitados uns teléfonos para consultas, dúbidas e asuntos urxentes e que son os que de seguido se relacionan:

Casa do Concello: 981 880075

Centro de Cultura: 981 880275/ 663 728 721

Edificio Multiusos: 981 818710/659 056 142

Deportes: 667 453 312

Servicios Sociais: 663 729 358

Protección Civil: 600 007 846/981 881267

Policía Local: 618 843 148

Escola Infantil Municipal: 696 045 191

Advírtese a cidadanía que se suspenden os termos e interrómpense os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reiniciarase no momento en que perda vixencia o presente acordo ou, se é o caso, as prórrogas deste.

Os prazos de prescripción e caducidade de calquera acción e dereito quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, se é o caso, das prórrogas que se adoptaren.

Mantense o comedor sobre rodas e o servizo de axuda no fogar manterase aos servizos esenciais para aquelas persoas que viven soas, que non poden facer ningún tipo de xestión, organizados pola traballadora social coa finalidade de protexer tanto aos traballadores como ás familias usuarias.

Non será necesario renovar a demanda de emprego ata o 30 de abril (se se teñen que realizar trámites urxentes na demanda, pode facerse a través da oficina virtual ou chamando á correspondente oficina de emprego) e quedan suspendidas as citas de orientación laboral.

No que se refire ás prestacións, poden consultarse as medidas adoptadas en: <https://www.sepe.es> Esta información actualizarse no portal: <https://emprego.xunta.gal>.

Infórmase que o punto limpo estará pechado.

En relación cos transportes, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dá parte dunha orde pola que adoptan medidas de carácter obligatorio en relación co COVID-19 no ámbito dos servizos de transporte público regular interurbano de viaxeiros.

En relación co ámbito do Camiño de Santiago, para a atención dos peregrinos e como consecuencia do peche de albergues da rede pública:

- Actívase un servizo de acollida provisional no albergue público do Monte do Gozo en Santiago de Compostela para os peregrinos que se atopen en tránsito e mentres non disponan doutros medios de regreso ou aloxamento. Deberán cumplirse no aloxamento as normas de prevención determinadas polas autoridades sanitarias.
- Activar medidas informativas no exterior dos albergues públicos para a orientación e apoio dos peregrinos en colaboración cos concellos.

Restricións en materia de pesca fluvial. Suspéndese temporalmente o exercicio da pesca fluvial en Galicia, durante o período de vixencia indicado no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.

Restricións na actividade cinexética. Batidas de xabarís. Cómpre establecer a prohibición temporal de todas as accións de caza colectiva no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás autorizacións excepcionais por razóns de prevención dos accidentes de tráfico, danos á agricultura ou a gandaría e riscos en sanidade animal (prevención da entrada da peste porcina africana), ocasionados por especies cinexéticas (especialmente xabaril), onde se permitirán as medidas de control en función da comprobación previa polas xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV).

Non se autorizará ningún evento, concurso ou competición de caza.

Suspéndese a realización de queimas nos terreos rústicos e quedan sen efecto as autorizacións e comunicacións de queimas xa notificadas ou efectuadas. Igualmente, suspéndese a solicitude de novas autorizacións, así como a posibilidade de realización de novas comunicacións para queimas nos terreos rústicos.

Como ampliación das medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo, restrínxense as visitas nos centros residenciais de servizos sociais, agás en casos excepcionais debidamente autorizados pola dirección do centro.

A continuación recóllense as actividades permitidas e suspendidas segundo os acordos ditados polo Consello da Xunta de Galicia e que son as que de seguido se relacionan:

ANEXO I

Suspensión da actividade durante 14 días naturais, contados dende o 13 de marzo de 2020, de todos os establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas incluídos no anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e nomeadamente os seguintes:

-Cines, teatros, auditorios, circos, establecementos de espectáculos deportivos, recintos feirais, casinos, salas de bingo, salóns de xogo, tendas de apostas, estadios deportivos, pavillóns deportivos, recintos deportivos, pistas de patinaxe, ximnasios, piscinas de competición, piscinas recreativas de uso colectivo,

parques acuáticos, salóns recreativos, parques multiocio, museos, bibliotecas, salas de conferencias, salas polivalentes, salas de concertos, restaurantes, salóns de banquetes, cafetarías, bares, establecementos para actividades zoológicas, botánicas e xeolóxicas, salas de festas, discotecas, pubs, cafés-espectáculo, furanchos, centros de ocio infantil.

-Os establecementos de restauración, como cafetarías, bares e restaurantes, permanecerán pechados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser estritamente necesaria. En todo caso, evitaranse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

O peche non afecta os bares e restaurantes localizados en establecementos hoteleiros ou no interior das instalación destinadas á prestación de servizos públicos, sempre que a súa actividade se limite estritamente aos seus clientes aloxados ou aos traballadores das instalación.

-Suspéndese, polo mesmo prazo establecido anteriormente, a actividade comercial retallista en todo o territorio da Comunidade Autónoma, a excepción dos establecementos comerciais retallistas de alimentación e produtos e bens de primeira necesidade recollidos a continuación segundo a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009):

-47 Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas

-47.1 Comercio ao retalho en establecementos non especializados.

-47.11 Comercio ao retalho en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco. -47.2 Comercio ao retalho de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados.

-47.21 Comercio ao retalho de froitas e hortalizas en establecementos especializados.

-47.22 Comercio ao retalho de carne e produtos cárnicos en establecementos especializados.

-47.23 Comercio ao retalho de peixe e mariscos en establecementos especializados.

-47.24 Comercio ao retalho de pan e produtos de panadaría, confeitaría e pastelaría en establecementos especializados.

-47.25 Comercio ao retalho de bebidas en establecementos especializados.

-47.26 Comercio ao retalho de produtos de tabaco en establecementos especializados.

-47.29 Outro comercio ao retalho de produtos alimenticios en establecementos especializados. -47.3 Comercio ao retalho de combustible para a automoción en establecementos especializados.

-47.30 Comercio ao retalho de combustible para a automoción en establecementos especializados.

-47.4 Comercio ao retalho de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados.

-47.41 Comercio ao retalho de ordenadores, equipamentos periféricos e programas informáticos en establecementos especializados

-47.42 Comercio ao retalho de equipamentos de telecomunicacións en establecementos especializados

-47.43 Comercio ao retalho de equipamentos de audio e vídeo en establecementos especializados

-47.6 Comercio ao retalho de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados. -47.62 Comercio ao retalho de xornais e artigos de papelaría en establecementos especializados -47.7 Comercio ao retalho doutros artigos en establecementos especializados.

-47.73 Comercio ao retalho de produtos farmacéuticos en establecementos especializados

-47.74 Comercio ao retalho de artigos médicos e ortopédicos en establecementos especializados. -47.75 Comercio ao retalho de produtos cosméticos e hixiénicos en establecementos especializados.

-47.76 Comercio ao retalho de flores, plantas, sementes, fertilizantes, animais de compañía e alimentos para estes en establecementos especializados.

-47.9 Comercio ao retalho non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercados.

-47.91 Comercio ao retalho por correspondencia ou internet.

No caso de equipamentos comerciais colectivos, tales como mercados municipais, centros, parques e/ou galerías comerciais, suspenderase a actividade comercial daqueles establecementos integrados nestes e non incluídos na lista anterior.

A permanencia nos establecementos comerciais cuxa apertura estea permitida deberá ser a estritamente necesaria para que os consumidores poidan realizar a adquisición de alimentos e produtos de primeira necesidade, quedando suspendida a posibilidade de consumo de produtos nos propios establecementos. En

todo caso, evitaranse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

-Así mesmo, dispone por igual tempo a suspensión da actividade dos establecementos balnearios regulados na Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a dos espazos termais e piscinas termais de uso lúdico, reguladas na Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

-Suspéndese polo tempo previsto neste acordo a actividade dos albergues de peregrinos da rede pública da Xunta de Galicia.

-Durante o tempo previsto neste acordo, a cabida de edificios de culto, tanatorios ou calquera instalación asimilada quedará reducida a un terzo da súa capacidade máxima. Así mesmo, os cortexos fúnebres quedarán reducidos a un máximo de 25 persoas.

Suspéndese polo tempo coincidente co previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, por entender que áinda sendo servizo se equipara na súa natureza á actividade comercial, a actividade económica de concesionario de venda de automóbiles (CNAE-2009, 45.11 Venda de automóbiles e vehículos de motor lixeiros).

Aclárase expresamente que a actividade correspondente a talleres de reparación poderá seguir realizándose. Os establecementos que combinen reparación con venda de vehículos ou automóbiles soamente poderán realizar a actividade de reparación.

Suspéndense as actividades económicas correspondentes a academias, autoescolas e perrucarías (agás servizos a domicilio por causas debidamente xustificadas).

Os códigos CNAE-2009 son os seguintes: 85.10 Educación preprimaria; 85.20 Educación primaria; 85.32 Educación secundaria técnica e profesional; 85.41 Educación postsecundaria non terciaria; 85.43 Educación universitaria; 85.44 Educación terciaria non universitaria; 85.51 Educación deportiva e recreativa; 85.52 Educación cultural; 85.53 Actividades das escolas de conducción e pilotaxe; 85.59 outra educación n.c.n.; 85.60 Actividades auxiliares da educación; 96.02 Perrucaría e outros tratamentos de beleza.

Aclaracións sobre as actividades que poden permanecer abertas, por non estaren incluídas na suspensión acordada.

Ante as consultas formuladas, aclárase expresamente para evitar dúbidas que as seguintes actividades económicas privadas non están afectadas pola suspensión ordenada no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 e, en consecuencia, poden permanecer abertas:

- Actividades sanitarias e de servizos sociais (entre elas, actividades hospitalarias, médicas e odontolóxicas, asistencia en establecementos residenciais).
- Actividades financeiras e de seguros.
- Actividades profesionais, científicas e técnicas.
- Actividades administrativas e servizos auxiliares.
- Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios.
- Actividades de servizos sociais sen aloxamento. – Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico.
- Lavado e limpeza de pezas téxtils e de pel.
- Pompas fúnebres e actividades relacionadas.
- Fisioterapeutas.
- Técnicos de reparación e mantemento.
- Servizos veterinarios.

A lista anterior recóllese para efectos meramente aclaratorios e informativos, sen que se poida entender que as actividades que non se citan están suspendidas.

En relación coa suspensión da actividade comercial retallista ordenada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, inclúense dentro das excepcións á suspensión e, polo tanto, poderán continuar abertas as actividades e establecementos seguintes por considerárense correspondentes a bens de primeira necesidade:

- Comercio ao retalio de ferraxaría, pintura e vidro en establecementos especializados (correspondentes ao epígrafe 47.52 da Clasificación nacional de actividades económicas 2009, CNAE-2009), xa que se trata de actividades que deben subministrar ao sector primario, gandeiro, pesqueiro e agrícola elementos necesarios para a continuación da súa actividade.
- Ópticas (incluídas no epígrafe 47.78 da CNAE-2009 ou, se é o caso, en calquera outro).
- Venda ambulante de alimentación a domicilio en camións tenda (incluída na epígrafe 47.81 da CNAE-2009). Así mesmo, aclárase que non está incluída na suspensión a actividade das lonxas.
- Actividade realizada en gabinetes de psicoloxía e pedagoxía.

Convén recordar a toda a cidadanía as medidas xerais para protexerse do coronavirus. As principais medidas para protexerse da infección do virus son as seguintes:

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou utilizar unha solución hidroalcohólica.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Ao tusir, cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.
- Continuarase dando traslado a todo o persoal da información existente sobre o virus, as vías de transmisión e as medidas de prevención individuais que convén tomar, facendo especial fincapé nas medidas hixiénicas (poñeranse carteis informativos tanto para o persoal como para os/as visitantes).
- Manterase a distancia mínima dun metro en xeral e evitarase o contacto físico.
- Manterase o reforzo da limpeza das instalacións, especialmente as zonas susceptibles de transmisión do virus, con produtos desinfectantes.
- Continuarase coa subministración dos elementos necesarios para a hixiene personal (xel hidroalcóholico e xabón).

En todo caso, evitaranse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade de, polo menos, un metro co fin de evitar posibles contaxios. Os encargados dos establecementos e persoal de seguridade serán os directamente responsables de facer cumplir estas medidas.

Agradecemos a confianza de toda a cidadanía.

Santa Comba, 16 de marzo de 2020

Firmado por 44825051Y DAVID BARBEIRA (R: P1507800I) el día
16/03/2020 con un certificado emitido por AC Representación

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García